

FARTAS do ACOSO e da VIOLENCIA MACHISTA

#NinUnhaMáis

Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos:

981 169 293 (centralíña) 981 900 633 (directo)

Fax. 981 151 539

Correo:

muller@galizacig.gal



Secretaría das mulleres



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

#NinUnhaMáis

25
de
NOVEMBRO

FARTAS do ACOSO e da VIOLENCIA MACHISTA



Secretaría das mulleres

FARTAS do ACOSO e da VIOLENCIA MACHISTA

A pesar da **rotunda resposta** que demos as mulleres nas rúas o pasado **8 de Marzo** e o certo é que os gobernos só recoñeceron o éxito da convocatoria do movemento feminista, mais non asumiron ningunha proposta política, social ou económica real do feminismo de clase para combater as desigualdades de xénero.

Desde esta **histórica folga de mulleres**, foron moitas as accións levadas a cabo pola CIG contra as discriminacións por razón de xénero no mundo do traballo no marco dunha campaña sostida no tempo a través da cal se pretende identificar, denunciar, sensibilizar e combater as discriminacións que sofren as mulleres, polo feito de o seren, no mundo laboral.

Como os casos de acoso e doutros tipos de violencia machista seguen sendo esmagadoramente altos, desde o sindicalismo nacionalista levamos moitos anos instando á negociación de protocolos de prevención e actuación ante situacións de acoso laboral, por razón de xénero e identidade afectivo/sexual, de plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, con medidas reais e efectivas de prevención e actuación contra este tipo de situacións, mais na meirande parte dos casos, estes documentos ou non se negocian ou son simples declaracións de intencións que fican no fondo dun caixón.

Este ano, berramos **#NinUnhaMáis** esixindo que non haxa unha muller máis acosada no traballo, agredida física, psicolóxica ou sexualmente, nin unha máis que sufra violencia económica, patrimonial, simbólica, obstétrica ou institucional. **Porque imos fartas do acoso e da violencia do traballo.** Porque non imos permitir **#NinUnhaMáis** acosada, nin unha muller máis agredida, violentada, discriminada. Abonda xa!

Para responder a esta opresión non cabe outra saída que a **mobilización**. Por iso facemos un chamamento a participar nos debates que se producirán no **IV Encontro Nacional de Mulleres que terá lugar en Compostela o 22 de novembro ás 10 na EGAP** (e na mobilización posterior que convocaremos ás portas dos Xulgados ás 12 horas), que servirá para facer balance das accións levadas a cabo pola CIG contra as discriminacións por razón de xénero no mundo do traballo desde a folga de mulleres, para analizar a actual situación política e laboral e, ao tempo, abordar o debate e a posta a punto das propostas do feminismo de clase para combater esta situación coa ollada posta nunha nova xornada de loita para o vindeiro 8 de Marzo.

Mentres os gobernos non garantan os dereitos das mulleres a vivir unha vida sen violencia e sen discriminacións, mentres non se garante que o lugar de traballo é un espazo libre de acoso e hostilidade contra as traballadoras, non imos parar de mobilizarnos.

O 25 de novembro imos saír á rúa participando activamente nas mobilizacións convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres e outros colectivos feministas da Galiza. Mais non imos permitir nin un retroceso máis nos nosos dereitos. **Organicémonos. Loitemos contra a exclusión, a marxinação, a pobreza, a violencia e o machismo que sufrimos como mulleres, como traballadoras, como galegas.** Querémonos vivas e libres. Combatamos a violencia machista avanzando un chanzo máis na loita. **#NinUnhaMáis**

25
de
novembro

*Día internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres*